

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE FACENDA E ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS

- 13759** *Real decreto 1042/2013, do 27 de decembro, polo que se aproba o Regulamento do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro e polo que se modifican o Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, e o Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

A Lei 16/2013, do 29 de outubro, pola que se establecen determinadas medidas en materia de fiscalidade ambiental e se adoptan outras medidas tributarias e financeiras, crea, no seu artigo 5, o imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro, e no seu punto dezanove habilita o Goberno a ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a aplicación de tal artigo.

En uso desta habilitación xeral e das habilitacións particulares que se establecen ao longo de determinados puntos do artigo 5 da aludida lei, requírese a aprobación desta norma regulamentaria co fin de contribuír á necesaria claridade na aplicación do imposto sobre gases fluorados de efecto invernadoiro e á seguranza xurídica dos contribuíntes, así como garantir o adecuado control por parte da Administración tributaria.

O regulamento que se aproba mediante o artigo único deste real decreto límtase a desenvolver ou completar os preceptos legais que así o requiren. Consta de cinco capítulos, nos cales se atende ás remisións específicas establecidas pola lei, seguindo, na súa gran maioría, a orde prevista nela: conceptos e definicións, obrigas formais, aplicación de tipos impositivos reducidos, exencións, deducións e devolucións.

De especial interese son os capítulos correspondentes ás obrigas formais e ás exencións.

No primeiro deles, para unha adecuada xestión do imposto, e conforme a habilitación establecida nos artigos 29 e 93 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, considerouse necesario establecer as obrigas de inscrición no rexistro territorial, de xestión dun rexistro de existencias e de presentación dunha declaración recapitulativa para diferentes obrigados tributarios; así mesmo, coa finalidade de verificar que os gases fluorados que vaian ser obxecto de destrución, reciclaxe ou rexeneración, soportaron o imposto e, por tanto, poden xerar o dereito á súa dedución ou devolución, establécese a obriga de que nas facturas que se expidan con ocasión da súa compra se detalle a cantidade e a clase de gas de que se trata, así como o importe do imposto. De igual forma, para poder aplicar os tipos impositivos reducidos previstos nas entregas de gases fluorados reciclados ou rexenerados, establécese para os xestores de residuos determinadas obrigas coa finalidade de verificar tal condición.

En relación coas exencións reguladas no número sete do artigo 5 da Lei 16/2013, o capítulo IV desenvolve o procedemento que se debe seguir para a aplicación de cada unha delas.

En canto ás deducións e devolucións, o capítulo V recolle os requisitos e os prazos para que os contribuíntes e consumidores finais, nos supostos que procedan, poidan gozar deses beneficios fiscais.

Por outra parte, introdúcense tres disposicións transitorias; a primeira fixa un período transitorio para efectuar a inscrición no rexistro territorial e para exixir a comunicación da tarxeta acreditativa de tal inscrición nos casos establecidos neste regulamento; a segunda regula a aplicación de tipos impositivos reducidos para os gases fluorados que se destinen

a producir poliuretano ou se importen ou adquiren en poliuretano xa fabricado; e a terceira recolle a presentación por parte dos contribuíntes dunha declaración informativa na cal se consignen os gases fluorados que posúan almacenados en 1 de xaneiro de 2014.

Este real decreto complétase cunha disposición adicional única e sete disposicións derradeiras. A disposición adicional única, no ámbito do imposto sobre o valor engadido, amplía o prazo para poder optar polo réxime especial do criterio de caixa para o ano 2014, co obxecto de que os suxeitos pasivos do imposto que se queiran acoller a el e que por dificultades na adaptación dos seus procedementos informáticos non o puidesen facer no prazo inicialmente establecido pola norma regulamentaria, o poidan facer durante o primeiro trimestre de 2014. En consecuencia, para o ano 2014, a opción por este réxime especial poderase realizar tanto durante o mes de decembro de 2013 coma durante o primeiro trimestre de 2014, e producirá efectos no primeiro período de liquidación que se inicie con posterioridade á data en que se exerce.

A disposición derradeira primeira contén unha modificación no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que deriva das infraccións por contravir a norma de limitación de pagamentos en efectivo, por canto esta presenta peculiaridades respecto da normativa administrativa sancionadora xeral. Estas peculiaridades fan aconsellable exceptuar determinadas disposicións na remisión xeral ás normas regulamentarias do procedemento administrativo sancionador.

As disposicións derradeiras segunda e terceira incorporan senllas modificacións nos regulamentos dos impostos sobre sociedades e sobre a renda das persoas físicas, aprobados polos reais decretos 1777/2004, do 30 de xullo, e 439/2007, do 30 de marzo, respectivamente, para, no seu ámbito específico, e en relación cos bonos e obrigacións do Estado indexados, flexibilizar o requisito para acceder ao réxime fiscal correspondente aos activos financeiros con rendemento explícito.

A disposición derradeira cuarta modifica o prazo de presentación das autoliquidacións relativas ao réxime especial do grupo de entidades establecido no Regulamento do imposto sobre o valor engadido, eliminando a excepción existente para a liquidación do mes de xullo, que se debe presentar durante os 20 primeiros días do mes de agosto.

Por último, a disposición derradeira quinta contén o título competencial da norma, a sexta inclúe unha habilitación regulamentaria para que o ministro de Facenda e Administracións Públicas dite as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto, mentres que a sétima establece a entrada en vigor, fixándoa no día 1 de xaneiro de 2014.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Facenda e Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de decembro de 2013,

DISPOÑO:

Artigo único. *Aprobación do Regulamento do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro.*

Apróbase o Regulamento do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro, que se insire a seguir.

Disposición adicional única. *Opción pola aplicación do réxime especial do criterio de caixa para o exercicio 2014.*

A opción, para o exercicio 2014, pola aplicación do réxime especial do criterio de caixa a que se refire o artigo 163 undecies da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, e o artigo 61 septies do Regulamento do imposto, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, por suxeitos pasivos que viñesen realizando actividades empresariais ou profesionais no ano 2013, mediante a presentación da correspondente declaración censual, estenderase ata o 31 de marzo de

2014, e producirá efectos a partir do primeiro período de liquidación que se inicie con posterioridade á data en que se exercese a opción.

Disposición derradeira primeira. *Modificación do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto.*

Introdúcese unha disposición adicional única no Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora, aprobado polo Real decreto 1398/1993, do 4 de agosto, que queda redactada da seguinte forma:

«Disposición adicional única. *Disposicións especiais no procedemento sancionador das infraccións do réxime de limitación de pagamentos en efectivo.*

Nos procedementos sancionadores iniciados como consecuencia da comisión da infracción tipificada no artigo 7.Dous da Lei 7/2012, do 29 de outubro, de modificación da normativa tributaria e orzamentaria e de adecuación da normativa financeira para a intensificación das actuacións na prevención e loita contra a fraude, resultará aplicable o procedemento regulado neste regulamento, salvo o disposto no parágrafo seguinte.

Nos supostos de inicio do procedemento sancionador en virtude de denuncia non será necesaria a comunicación e a notificación ao denunciante a que se refiren os artigos 11.2 e 13.2, respectivamente, deste regulamento.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo.*

Introdúcese un último parágrafo no número 3 do artigo 61 do Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, que queda redactado da seguinte forma:

«Non obstante o anterior, se se trata de débeda pública con rendemento mixto, cuxos cupóns e importe de amortización se calculan con referencia a un índice de prezos, a porcentaxe do primeiro parágrafo será o 40 por cento.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo.*

Introdúcese un último parágrafo no número 4 do artigo 91 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 439/2007, do 30 de marzo, que queda redactado da seguinte forma:

«Non obstante o anterior, se se trata de débeda pública con rendemento mixto, cuxos cupóns e importe de amortización se calculan con referencia a un índice de prezos, a porcentaxe do primeiro parágrafo será o 40 por cento.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro.*

Modifícase o número 3 do artigo 61 ter do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, que queda redactado da seguinte forma:

«3. O ministro de Facenda e Administracións Públicas aprobará os modelos de declaración-liquidación individual e agregada que procedan para a aplicación do réxime especial. Estas declaracións-liquidacións deberanse presentar durante os vinte primeiros días naturais do mes seguinte ao correspondente período de liquidación mensual.

Porén, a declaración-liquidación correspondente ao último período do ano deberase presentar durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro.

Sen prexuízo do establecido nos parágrafos anteriores deste número, o ministro de Facenda e Administracións Públicas, atendendo a razóns fundadas de carácter técnico, poderá ampliar o prazo correspondente ás declaracións que se presenten por vía telemática.»

Disposición derradeira quinta. *Título competencial.*

Este real decreto apróbase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.14.^a e 18.^a da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia en materia de facenda xeral e procedemento administrativo común, respectivamente.

Disposición derradeira sexta. *Habilitación regulamentaria.*

Autorízase o ministro de Facenda e Administracións Públicas para ditar as disposicións necesarias para a aplicación deste real decreto.

Disposición derradeira sétima. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 2014.

Dado en Madrid o 27 de decembro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O ministro de Facenda e Administracións Públicas,
CRISTÓBAL MONTORO ROMERO

REGULAMENTO DO IMPOSTO SOBRE OS GASES FLUORADOS DE EFECTO INVERNADOIRO

CAPÍTULO I

Conceptos e definicións

Artigo 1. *Conceptos e definicións.*

Para efectos deste regulamento, entenderase por:

1. Consumidor final: a persoa ou entidade que adquira os gases fluorados de efecto invernadoiro co imposto repercutido para a súa incorporación en produtos ou para uso final nas súas instalacións, equipamentos ou aparellos; así mesmo, terá esa consideración a persoa ou entidade que adquira os gases fluorados de efecto invernadoiro para o seu uso na fabricación de equipamentos ou aparellos, así como na carga, recarga, reparación ou mantemento de equipamentos ou aparellos dos seus clientes, e dispoña unicamente do certificado para a manipulación de equipamentos con sistemas frigoríficos de carga de refrixerante inferior a 3 quilogramos de gases fluorados ou para a manipulación de sistemas frigoríficos que empreguen refrixerantes fluorados destinados a confort térmico de persoas instalados en vehículos, conforme o establecido no anexo I do Real decreto 795/2010, do 16 de xuño, polo que se regula a comercialización e manipulación de gases fluorados baseados neles, así como a certificación dos profesionais que os utilizan.

Para estes efectos, enténdese por «vehículo» calquera medio de transporte de persoas ou mercadorías, exceptuando ferrocarrís, embarcacións e aeronaves e incluíndo maquinaria móbil de uso agrario ou industrial.

2. Destrucción: operación de eliminación D10 contida no anexo I da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

3. Xestor de residuos: a persoa ou entidade que realice calquera das operacións de destrución ou rexeneración de gases fluorados de efecto invernadoiro debidamente rexistrada no Rexistro de produción e xestión de residuos a que fai referencia o artigo 39 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, e inscrita no rexistro territorial a que se refire o artigo 2 deste regulamento.

Así mesmo, terá esa consideración a persoa ou entidade inscrita no rexistro territorial a que se refire o artigo 2 deste regulamento que realice operacións de reciclaxe de gases fluorados de efecto invernadoiro que, para efectos da normativa sectorial, sexan equivalentes ás operacións de reutilización a que fai referencia a Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados.

4. Oficina xestora: a unidade da Axencia Estatal de Administración Tributaria, na esfera territorial, competente en materia de xestión do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro.

5. Revendedores: as persoas ou entidades que adquiran os gases fluorados de efecto invernadoiro para ser entregados a outra persoa ou entidade para a súa posterior comercialización ou a un consumidor final, incluídas as que os utilicen ou envíen fóra do ámbito territorial de aplicación do imposto.

CAPÍTULO II

Obrigas formais

Artigo 2. *Inscripción no rexistro territorial.*

1. Os fabricantes, importadores, adquirentes intracomunitarios, revendedores, xestores de residuos así como os beneficiarios das exencións a que se refiren os artigos 10 a 17 deste regulamento e os beneficiarios de tipos impositivos reducidos a que se refire a disposición transitoria segunda estarán obrigados, en relación cos produtos obxecto do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro, a se inscribir no rexistro territorial

da oficina xestora en cuxa demarcación se instale o establecemento onde exerzan a súa actividade ou, no seu defecto, onde radique o seu domicilio fiscal.

2. Con carácter xeral, as persoas ou entidades que resulten obrigadas a inscribirse no rexistro territorial deberán figurar de alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retedores na epígrafe correspondente á actividade que vaian desenvolver, e presentarán ante a oficina xestora que corresponda unha solicitude en que conste:

a) O nome e os apelidos ou razón social, domicilio fiscal e número de identificación fiscal do solicitante, así como, de ser o caso, do representante, que deberá achegar a documentación que acredite a súa representación.

b) O lugar en que estea situado o establecemento onde exerza a súa actividade con expresión do seu enderezo, de ser o caso, número de parcela, localidade e a acreditación do dereito a dispor das instalacións por calquera título.

Á referida solicitude deberáselle xuntar:

– Unha breve memoria descritiva da actividade que se pretende desenvolver en relación coa inscrición que se solicita.

– De ser o caso, a documentación acreditativa da súa capacitación con relación aos produtos obxecto deste imposto, conforme o establecido no Real decreto 795/2010 e demais normativa sectorial que proceda.

3. A oficina xestora, comprobada a conformidade da documentación, procederá á inscrición no rexistro territorial. En caso de incumprimento das normas, limitacións e condicións establecidas no artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, e neste regulamento a oficina xestora acordará a baixa da correspondente inscrición no rexistro territorial.

4. Calquera modificación ulterior nos datos consignados na solicitude ou que figuren na documentación achegada deberá ser comunicada á oficina xestora.

5. Unha vez efectuada a inscrición, a oficina xestora entregará ao interesado unha tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro, suxeita ao modelo aprobado por resolución do Departamento de Alfándegas e Impostos Especiais, en que constará o «Código de actividade dos gases fluorados» (CAF), que se deberá consignar nas autoliquidacións e declaracións recapitulativas de operacións con gases fluorados presentadas, así como nas facturas en que se documenten esas operacións.

6. O Código de actividade dos gases fluorados (CAF) é o código que identifica a actividade dos obrigados tributarios por este imposto e, de ser o caso, o establecemento onde esta se exerce. Cando nun mesmo establecemento se exerzan distintas actividades, aquel terá asignados tantos códigos como actividades se desenvolvan nel. Así mesmo, cando unha persoa ou entidade exerza unha mesma actividade en varios establecementos, terá asignados tantos códigos como establecementos en que desempeñe a actividade.

7. O código constará de 8 caracteres distribuídos na forma seguinte:

a) Os caracteres primeiro e segundo identifican a oficina xestora en que se efectúa a inscrición no rexistro territorial.

b) Os caracteres terceiro e cuarto identifican a actividade que desenvolve a persoa ou entidade inscrita.

c) Os caracteres quinto, sexto e sétimo expresarán o número secuencial de inscrición, dentro de cada actividade, no rexistro territorial da oficina xestora a que se refire a letra a). Estes caracteres poden ser alfanuméricos.

d) O carácter oitavo será un dígito de control.

Artigo 3. *Cambio de titular dos establecementos e cesamento da actividade.*

1. No caso de que a actividade relacionada cos gases fluorados se desenvolva nun establecemento, considerarase como titular deste, para os efectos deste regulamento, a persoa ou entidade que figure inscrita como tal no correspondente rexistro territorial.

Os cambios na titularidade dos establecementos inscritos producirán efecto unha vez que o novo titular se inscriba como tal no rexistro territorial da oficina xestora de acordo co establecido no artigo 2 deste regulamento ou o antigo titular achegue a documentación acreditativa de tal cambio.

3. Cando se produza o cesamento definitivo da actividade do establecemento, teranse en conta as normas seguintes:

- a) O titular deberao pór en coñecemento da oficina xestora.
- b) Non se formalizará a baixa no rexistro territorial mentres no establecemento haxa existencias de produtos obxecto do imposto, salvo que se proceda á súa regularización fiscal.

4. A presentación da solicitude de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores, relativa á actividade e establecemento en materia do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro, producirá os efectos propios da solicitude de baixa no rexistro territorial a que se refire o artigo 2 deste regulamento.

Sen prexuízo do establecido no artigo 2 deste regulamento, en caso de cesamento temporal da actividade propia do imposto sobre os gases fluorados de efecto invernadoiro, sen se dar de baixa no Censo de empresarios, profesionais e retedores, a oficina xestora iniciará o procedemento de baixa de oficio do correspondente rexistro territorial cando transcorresen 12 meses a partir da data de cesamento de actividade.

Artigo 4. *Rexistro de existencias.*

1. As persoas ou entidades a que fai referencia o número 1 do artigo 2 deste regulamento, salvo as beneficiarias das exencións a que se refiren as letras f) e g) do número sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, deberán levar un rexistro de existencias dos produtos obxecto do imposto por establecemento mediante un sistema contable en soporte informático, que deberá ser autorizado pola oficina xestora. Efectuarán un reconto delas o último día de cada cuadrimestre natural e, de ser o caso, regularizarán os saldos contables das respectivas contas. As diferenzas que, de ser o caso, resulten dos referidos recontos regularizaranse no período de liquidación correspondente á data en que o reconto se realizase.

No caso dos xestores de residuos esta obriga entenderase cumprida coa xestión do libro de rexistro a que fai referencia o artigo 7 deste regulamento.

A oficina xestora poderá autorizar, por solicitude dos interesados, que esta obriga sexa cumprida mediante a utilización de libros foliados en soporte papel, que deberán ser habilitados por ela con carácter previo á realización de calquera apuntamento.

2. Os asentos no rexistro de existencias deberanse efectuar diferenciando os diversos produtos, con expresión das cantidades en quilogramos, as epígrafes, a cualificación de suxeición, exención ou non suxeición e a súa orixe e o seu destino. A falta de asentos nunha data, cando os haxa en días posteriores, entenderase como ausencia de movementos nesa data.

Artigo 5. *Declaración recapitulativa de operacións con gases fluorados de efecto invernadoiro.*

1. Os fabricantes, importadores, adquirentes intracomunitarios, revendedores e xestores de residuos que realicen operacións de compra, venda ou entrega de gases fluorados que resulten exentas ou non suxeitas, de acordo co establecido no número sete e no primeiro parágrafo do número 2 do punto seis do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, respectivamente, deberán presentar unha declaración anual recapitulativa de tales operacións.

2. Na declaración anual de operacións con gases fluorados de efecto invernadoiro consignaranse os seguintes datos:

- a) Identificación do declarante.
- b) Identificación de cada unha das persoas ou entidades incluídas na declaración.
- c) Cantidades expresadas en quilogramos agrupadas por operador e epígrafe que corresponda ao gas fluorado de efecto invernadoiro, de acordo co número once do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, que fosen obxecto de autoconsumo, compra, venda, ou entrega durante o ano natural a que se refira a declaración.

3. As declaracións presentaranse durante os trinta primeiros días naturais do mes de xaneiro con relación ás operacións do ano natural anterior.

4. O ministro de Facenda e Administracións Públicas fixará o procedemento e o modelo para a presentación desta declaración.

Artigo 6. *Obrigas dos consumidores finais.*

Os consumidores finais que destinen os gases fluorados de efecto invernadoiro para o seu uso na fabricación de equipamentos ou aparellos, carga, recarga, reparación ou mantemento de equipamentos ou aparellos dos seus clientes, nas facturas que expidan con ocasión desas operacións deberán consignar a cantidade expresada en quilogramos e a epígrafe que corresponda ao gas fluorado incorporado ao equipamento ou aparello, de acordo co número once do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, así como o importe do imposto soportado.

Artigo 7. *Obrigas dos xestores de residuos.*

Os xestores de residuos deberán levar un libro de rexistro en que conste a cantidade de gases fluorados recibidos, expresada en quilogramos, a epígrafe que lles corresponda, de acordo co número once do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, a orixe e o tratamento efectuado a cada un deles.

Respecto dos gases reciclados ou rexenerados resultantes, deberá constar a cantidade, expresada en quilogramos, a epígrafe, o destino, o medio de transporte utilizado e o número de referencia do documento de identificación do traslado.

No citado libro de rexistro efectuarán un reconto das existencias o último día de cada cuatrimestre natural e, de ser o caso, regularizarán os saldos contables das respectivas contas. As diferenzas que resulten dos referidos recontos regularizaranse no período de liquidación correspondente á data en que o reconto se realizase.

Porén, logo de autorización da oficina xestora, o libro de rexistro a que fai referencia este artigo poderá ser substituído polo arquivo cronolóxico a que se refire o artigo 40 da Lei 22/2011, do 28 de xullo, de residuos e solos contaminados, sempre que conteña a mesma información que a requirida para o dito libro de rexistro.

Nas entregas de gases que fosen reciclados ou rexenerados deberán emitir un documento que acredite esa condición.

Artigo 8. *Autoliquidacións.*

Os contribuíntes deberán determinar e ingresar a débeda tributaria no lugar, forma, prazos e impresos que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas.

CAPÍTULO III

Aplicación de tipos impositivos reducidos

Artigo 9. *Gases fluorados de efecto invernadoiro reciclados ou rexenerados.*

Para que os contribuíntes poidan aplicar aos gases fluorados reciclados ou rexenerados a tarifa 3.^a recollida no número 3 do punto once do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, deberán estar en posesión do documento acreditativo emitido polo

xestor de residuos onde conste que tales gases foron reciclados ou rexenerados, así como o seu número de lote, o nome e o enderezo do xestor de residuos.

CAPÍTULO IV

Exencións

Artigo 10. *Disposicións xerais aplicables ás exencións previstas no número sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro.*

1. Os adquirentes dos gases fluorados que resulten exentos de acordo co número sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, deberán conservar, durante o prazo de prescrición, xunto coas facturas xustificativas da venda ou entrega, toda a documentación acreditativa da exención da cal se beneficiasen.

2. A aplicación das exencións queda condicionada a que o destino dos gases fluorados adquiridos sexa efectivamente o consignado na declaración subscrita polo adquirente.

Artigo 11. *Exención para aqueles que destinen os gases fluorados de efecto invernadoiro á súa revenda no ámbito territorial de aplicación do imposto.*

A aplicación da exención a que fai referencia a letra a) do número 1 do punto sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, aplicarase conforme o seguinte:

Aqueles que realicen a primeira venda ou entrega de gases fluorados de efecto invernadoiro a revendedores, solicitaranlles a estes a presentación ou exhibición da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial e unha declaración subscrita por estes en que conste o destino dos gases fluorados adquiridos.

Artigo 12. *Exención para aqueles que destinen os gases fluorados de efecto invernadoiro á súa venda a empresarios que os utilicen ou envíen fóra do ámbito territorial de aplicación do imposto, incluídos os contidos en produtos, equipamentos ou aparellos.*

A aplicación da exención a que fai referencia a letra b) do número 1 do punto sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, realizarase conforme as regras seguintes:

Aqueles que realicen a primeira venda ou entrega de gases fluorados de efecto invernadoiro a empresarios que os utilicen ou envíen fóra do ámbito territorial de aplicación do imposto, solicitaranlles a estes a presentación ou exhibición da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial e unha declaración subscrita por estes en que conste que o destino dos gases fluorados vai ser a utilización ou o envío fóra do territorio de aplicación do imposto.

A acreditación do envío fóra do ámbito territorial de aplicación do imposto efectuarase mediante a achega do correspondente DUA de exportación ou, no caso de envíos con destino a outro Estado membro, mediante calquera medio de proba admitido en dereito. En particular, poderán ter esa consideración o contrato, a factura ou calquera outro documento acreditativo do transporte.

Artigo 13. *Utilización dos gases fluorados de efecto invernadoiro como materia prima para a súa transformación química nun proceso en que estes gases son enteiramente alterados na súa composición ou como materia prima para mesturas doutros gases fluorados.*

A aplicación da exención a que se refire a letra c) do número 1 do punto sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, levarase a cabo conforme as regras seguintes:

1. Os titulares das instalacións nas cales os gases fluorados son utilizados como materia prima para a súa transformación química en procesos en que estes gases son enteiramente alterados na súa composición mediante un cambio nas moléculas orixinais

ou son usados como materia prima para a fabricación de preparados ou mesturas indicados na tarifa 2.^a do punto once do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, deberán xuntar ao solicitar a inscrición no rexistro territorial, ademais do establecido no artigo 2 deste regulamento, unha memoria explicativa dos procesos nos cales interveñen os gases fluorados.

2. A oficina xestora tramitará o expediente e poderá requirir informe do Laboratorio de Alfándegas e Impostos Especiais. A aplicación da exención considerarase limitada aos procesos indicados na memoria aos cales a oficina xestora dese a súa conformidade.

3. Aqueles que realicen a primeira venda ou entrega de gases fluorados de efecto invernadoiro para a súa transformación química nun proceso en que estes gases son enteiramente alterados na súa composición solicitarán aos seus adquirentes ou destinatarios a presentación ou exhibición da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial e unha declaración subscripta por estes en que conste o destino dos gases fluorados adquiridos.

Artigo 14. Utilización dos gases fluorados de efecto invernadoiro para a súa incorporación por primeira vez a equipamentos ou aparellos novos.

A aplicación da exención a que se refire a letra d) do número 1 do punto sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, levarase a cabo conforme as seguintes regras:

Aqueles que realicen a primeira venda ou entrega de gases fluorados de efecto invernadoiro a fabricantes de equipamentos ou aparellos novos, solicitaranlles a presentación ou exhibición da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial e unha declaración subscripta por estes en que conste o destino dos gases fluorados adquiridos.

Nos demais casos, o carácter de equipamento ou aparello novo acreditarase, conforme a lexislación sectorial, co certificado de instalación ou, no seu defecto, de acordo coa factura, contrato, nota de pedido ou outro documento acreditativo da súa adquisición.

Artigo 15. Utilización dos gases fluorados de efecto invernadoiro para a fabricación de medicamentos que se presenten como aerosois dosificadores para inhalación.

A aplicación da exención a que se refire a letra e) do número 1 do punto sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, levarase a cabo conforme as seguintes regras:

1. Os titulares dos laboratorios farmacéuticos deberán xuntar ao solicitar a inscrición no rexistro territorial, ademais do establecido no artigo 2 deste regulamento, unha memoria explicativa dos procesos en que interveñen os gases fluorados xustificando a necesidade da súa utilización, así como dos medicamentos resultantes de tales procesos e o número de rexistro que lles corresponde conforme a súa normativa sectorial.

2. A oficina xestora tramitará o expediente e poderá requirir informe do Laboratorio de Alfándegas e Impostos Especiais. A aplicación da exención considerarase limitada aos procesos de fabricación daqueles medicamentos que se describan na memoria presentada e aos que a oficina xestora dese a súa conformidade.

3. Aqueles que realicen a primeira venda ou entrega de gases fluorados de efecto invernadoiro para a fabricación de medicamentos que se presenten como aerosois dosificadores para inhalación solicitaranlles aos seus adquirentes ou destinatarios a presentación ou exhibición da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial e unha declaración subscripta por eles en que conste o destino dos gases fluorados adquiridos.

Artigo 16. Exención da primeira venda ou entrega dos gases fluorados de efecto invernadoiro, importados ou adquiridos en equipamentos ou aparellos novos.

A aplicación da exención a que se refire a letra f) do número 1 do punto sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, levarase a cabo conforme o seguinte:

O carácter de equipamento ou aparello novo acreditarase, conforme a lexislación sectorial, co certificado de instalación ou, no seu defecto, de acordo coa factura, contrato, nota de pedido ou outro documento acreditativo da súa adquisición.

Artigo 17. *Exención parcial da primeira venda ou entrega dos gases fluorados de efecto invernadoiro que se destinen á súa incorporación en sistemas fixos de extinción de incendios ou se importen ou adquiran en sistemas fixos de extinción de incendios.*

A aplicación da exención a que se refire o número 2 do punto sete do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, levarase a cabo conforme o seguinte:

Aqueles que realicen a primeira venda ou entrega de gases fluorados de efecto invernadoiro que se destinen á súa incorporación en sistemas fixos de extinción de incendios solicitaranlles aos adquirentes ou destinatarios a presentación ou exhibición da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial e unha declaración subsrita en que conste o destino dos gases fluorados.

CAPÍTULO V

Deducións e devolucións

Artigo 18. *Dedución por entrega de gases de efecto invernadoiro para a súa destrución, reciclaxe ou rexeneración.*

Só poderán exercer o dereito á dedución a que se refire o punto catorce do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, os contribuíntes que:

a) Acrediten ter entregado os gases fluorados de efecto invernadoiro aos xestores de residuos recoñecidos pola Administración pública competente para a súa destrución, reciclaxe ou rexeneración, mediante o certificado e o documento de control e seguimento asinados polo xestor de residuos, conforme o establecido na normativa sectorial, ou mediante calquera outro medio de proba admisible en dereito.

b) Acheguen copia ou orixinal da factura en que conste o importe do imposto soportado.

O prazo para exercer o dereito á dedución será de catro anos a partir do momento da entrega dos gases fluorados de efecto invernadoiro para a súa destrución, reciclaxe ou rexeneración ao xestor de residuos.

Artigo 19. *Devolución por entrega de gases de efecto invernadoiro para a súa destrución, reciclaxe ou rexeneración.*

1. Só poderán exercer o dereito á devolución pola entrega de gases de efecto invernadoiro para a súa destrución, reciclaxe ou rexeneración os consumidores finais que:

a) Acrediten ter entregado os gases fluorados de efecto invernadoiro aos xestores de residuos recoñecidos pola Administración pública competente para a súa destrución, reciclaxe ou rexeneración, mediante o certificado e o documento de control e seguimento asinados polo xestor de residuos, conforme o establecido na normativa sectorial, ou mediante calquera outro medio de proba admisible en dereito.

b) Acheguen copia ou orixinal da factura en que conste o importe do imposto soportado.

2. A devolución solicitarase, no lugar e forma que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas, a partir da finalización do cuadrimestre natural no cal se entregase o gas para a súa destrución, reciclaxe ou rexeneración.

Artigo 20. *Devolución aos consumidores finais que soportasen o imposto e tivesen dereito á aplicación das exencións previstas no artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro.*

Os consumidores finais que soportasen o imposto e tivesen dereito á aplicación das exencións previstas no artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, sen se ter beneficiado delas con anterioridade, solicitarán a devolución do imposto previamente pagado, no lugar e forma que estableza o ministro de Facenda e Administracións Públicas, a partir da finalización do cuadrimestre natural no cal se realizase a operación que dese dereito á exención.

Disposición transitoria primeira. *Inscripción no rexistro territorial e tarxeta acreditativa da inscrición.*

As persoas e entidades que no momento da entrada en vigor deste regulamento se deban inscribir no rexistro territorial previsto no seu artigo 2 deberán efectuar a oportuna solicitude durante o mes de xaneiro de 2014.

Ata o 1 de marzo de 2014, o comprador dos produtos a que se refire este imposto que teña dereito a gozar dunha exención ou unha non suxeición, e non dispoña da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial antes citado, deberá presentar ao vendedor unha declaración subsrita en que se sinala a exención ou non suxeición a que ten dereito, indicando o punto, o número e a letra do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, que fundamente aquela.

Disposición transitoria segunda. *Tipos impositivos dos gases fluorados que se destinen a producir poliuretano ou se importen ou adquiran en poliuretano xa fabricado.*

A aplicación dos tipos impositivos establecidos no segundo parágrafo do punto dezaoito do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, para os exercicios 2014, 2015 e 2016, levarase a cabo conforme o seguinte:

Aqueles que realicen a primeira venda ou entrega de gases fluorados de efecto invernadoiro que se destinen a producir poliuretano solicitarán aos seus compradores a presentación ou exhibición da tarxeta acreditativa da inscrición no rexistro territorial e unha comunicación subsrita en que conste o destino dos gases fluorados. Así mesmo, deberán conservar, xunto con esta documentación, as facturas xustificativas das vendas de gases fluorados ás cales se aplicou a exención.

Disposición transitoria terceira. *Declaración de existencias.*

Os contribuíntes que deben levar un rexistro de existencias, conforme o establecido no artigo 4 deste regulamento, deberán comunicar ás oficinas xestoras con anterioridade ao 31 de marzo de 2014 a cantidade, expresada en quilogramos, e a epígrafe que corresponda, de acordo co punto once do artigo 5 da Lei 16/2013, do 29 de outubro, dos gases fluorados almacenados en data 1 de xaneiro de 2014.